



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 05/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRECE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a trece de maio de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 25 de abril de 2024, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria de data 25 de abril de 2024, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS ELECCIÓN S AO PARLAMENTO DE GALICIA 18 DE FEBREIRO DE 2024.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da obriga de dar cumprimento ó disposto no art. 26.1 e 4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral en relación coas Eleccións ao Parlamento Europeo, a celebrar o día 9 de xuño do ano en curso, convocadas mediante Real Decreto 363/2024, de 9 de abril (BOE nº 93, de data 16/04/2024).

Seguidamente polo Pleno do Concello procédese, mediante o emprego de medios informáticos, ao sorteo público das dezaioito mesas electorais correspondentes aos distritos e seccións dos que consta o Municipio de Ordes, formándose as Mesas que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se apuntan que figuran anexos a esta acta.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias